



Asunto: Solicitud de modificación das bases para a provisión dunha praza de técnico/a de normalización lingüística interino no Concello de Cambre (para a execución dun programa de carácter temporal e de duración determinada)

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

Pola resolución da Concellería de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación núm. 978/2017, do 1 de xuño de 2017, aprobouse a convocatoria e as **bases para o nomeamento interino dun/dunha técnico/a de normalización lingüística** e para a **creación dunha relación de candidatos/as para nomeamentos interinos de técnicos/as de normalización lingüística**.

En relación con esta convocatoria, a CTNL, como entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua, quere expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, **valoramos positivamente a convocatoria dunha nova praza para desenvolver o labor técnico de normalización da lingua desde o Concello de Cambre**, nomeadamente para dar cumprimento aos artigos 2.4 e 22 da Ordenanza de normalización lingüística desta entidade local, cuxa aprobación definitiva se publicou no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 24 de xaneiro de 2009.
2. Con todo, temos que indicar algúns aspectos da convocatoria que cumpriría corrixir:
 - a. Establécense, como tarefa que desenvolverá a persoa que ocupe a praza, a execución dun programa de carácter temporal e de duración determinada que consistirá en **“elaborar un manual básico de documentación administrativa e xurídica”**.

Desta forma **semella que se restrinxen as funcións** do/da futuro/a técnico/a á área de asesoramento lingüístico e, en concreto, **á elaboración de modelos documentais**. Porén, os **labores** que se deben desenvolver nun **servizo de normalización lingüística (SNL)** abranguen outros cometidos: planificar,

Páx. 1 de 2

ÓSCAR GARCÍA PATIÑO, ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE

Adro, 1
15660 Cambre
A CORUÑA



xestionar, desenvolver e avaliar **accións de dinamización lingüística** adaptadas ao contexto do municipio e que contribúan a mellorar o prestixio da lingua e a estender o seu uso; velar pola **calidade lingüística e comunicativa** da institución; analizar as **necesidades formativas** en materia de lingua da cidadanía e dos/das traballadores do concello; difundir **materiais e recursos** específicos para eles, etc. Como mostra das funcións dun SNL, no documento anexo incluímos a proposta elaborada pola CTNL para o Encontro de Política Lingüística Municipal que tivo lugar en Santiago de Compostela o 16 de novembro de 2015.

En relación coas funcións, tamén queremos salientar que as convocatorias de axudas para a creación ou mantemento de servizos de normalización lingüística tanto da **Xunta de Galicia** (publicada no DOG do 2 de maio de 2017) coma da **Deputación da Coruña** (publicada no BOP da Coruña do 2 de xaneiro de 2017) inclúen unha relación de funcións similar á do documento anexo. É dicir, trátase de **funcións consensuadas e asumidas polas institucións galegas**.

Alén disto, no propio temario desta praza do Concello de Cambre inclúense temas que abranguen contidos de planificación e dinamización lingüística, deseño de actividades de dinamización da lingua, organización das áreas dos servizos de dinamización lingüística, entre outros moitos. Daquela, dado que no proceso selectivo se van avaliar estes contidos, é desexable que tamén se vaian desenvolver no labor cotián da persoa que finalmente obteña o posto de traballo.

- b. No que concirne ao temario, inclúense **varios temas** na sección de “materias específicas” que **non son adecuados para o labor dun técnico/a de normalización lingüística**, de acordo coas funcións que acabamos de citar. Son os seguintes:

- Tema 14.- Definición de cultura. Cultura, política e territorio: conceptos básicos
- Tema 15.- Os axentes culturais: concepto, clasificación e funcións
- Tema 16.- As institucións culturais como organizacións da complexidade [sic]
- Tema 69.- A produción, a distribución e o consumo da mensaxe publicitaria na industria cultural



O contido destes temas está claramente vinculado a, por exemplo, unha praza de técnico/a de cultura, pero **non está xustificado para unha convocatoria de técnico/a de normalización da lingua.**

En consecuencia, SOLICITO:

1. Que se modifiquen as bases da convocatoria e se indiquen as **funcións correspondentes a un técnico/a de normalización lingüística** dentro das áreas xeral, de dinamización, de formación e de asesoramento.
2. **Que se supriman do temario os temas 14, 15, 16 e 69**, por versaren sobre contidos específicos que non corresponden a unha praza de técnico/a de normalización da lingua.

Finalmente, se o consideran necesario, desde a CTNL ofrecémoslles apoio e asesoramento para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo.

Pontevedra, 10 de xuño de 2017

Anexo: Funcións dos servizos de normalización lingüística municipais